

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE, EN AGARDA E EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE NO 2023 (3º PRAZO)**

Mediante a resolución reitoral de 12 de xaneiro de 2023 publicouse a convocatoria de axudas para a participación do persoal docente no programa Erasmus+ no ano 2023, no marco da acción KA131 e no cadro dos proxectos 2021-1-ES01-KA131-000010549 e 2022-1-ES01-KA131-000057193. Despois de publicar o 28 de xuño as listaxes provisorias de solicitudes admitidas e excluídas ao 3º prazo da convocatoria e feita a revisión da documentación no prazo de emenda, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite no 3º prazo no Anexo I.
2. Publicar a relación definitiva de solicitudes en agarda no 3º prazo no Anexo II.
3. Publicar a relación definitiva de solicitudes excluídas no 3º prazo no Anexo III, coa mención da causa de exclusión.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderás interpor recurso perante a xurisdicción contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor,
Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

